



# **CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA “REVERIANO SOUTULLO” PONTEAREAS**



## **PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE VENTO METAL-PERCUSIÓN**

### **Introducción**

A presente programación está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación realizada a partir do currículo vixente para a materia de trompeta dentro do Grao Elemental e Profesional. Inclúense os obxectivos e contidos, a metodoloxía, a avaliación (criterios e procedementos), materiais e recursos didácticos empregados e directrices de atención á diversidade. Tamén se inclúen certos apartado que, se considera teñen unha importancia vital para que o docente coñeza aos seus alumnos e, desde xeito, poida encauzar máis eficazmente, a acción educativa: características do alumnado, relación cos estudos xerais, relación interdisciplinares, competencias, etc.

No que se refire aos elementos básicos do currículo, a presente programación contempla a secuencia de contidos para os 10 anos, nos que se imparte a materia. tanto os obxectivos como os criterios non se secuencian e, simplemente, respectan os presentes no currículo, xa que son suficientemente concretos. Os criterios de avaliación están formulados segundo os obxectivos asumindo os do currículo. A temporalización trimestral dos contidos non presente presentar unha programación pechada e definitiva, senón un elenco aberto de contidos e enfoques útiles para a formación do alumnado. É, simplemente, unha proposta con diferentes posibilidades á disposición do docente, aberta, variable e flexible.

### **Fundamentación legal**

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

### **A quen vai dirixida. Coñecementos previos**

Dependendo do curso que se trate e da idade á que se acceda ao conservatorio en grao elemental ou en grao profesional, os coñecementos previos adquiriranse na primaria, na educación infantil ou noutros centros, como escolas de música.

### ***Características psicológicas e musicais***

Como pai da psicoloxía moderna, Jean Piaget é a base da programación neste aspecto, tendo en conta o cognitivismo, que considera que a intelixencia actúa por medio de dúas función, sendo cada unha unha adaptación ao medio. Esas dúas funcións, asimilación e acomodación, son complementarias e representan os dous aspectos básicos invariables da intelixencia ao longo da vida.

A teoría piagetiana diferencia catro períodos na vida dun neno:

***Operacións sensomotoras (de 0 a 24 meses).***

***Representacións preoperacionais (de 2 a 7 anos).***

***Operacións concretas (de 7 a 12 anos).***

***Operacións formais (de 12 a 15 anos).***

A grande parte do alumnado encóntrase na etapa de operación concretas. Os cambios son graduais e non se dan en todos os nenos ao mesmo tempo, polo que haberá momentos nos que non todos os alumnos avancen e evolucionen igual. Será, entón, necesario optar por diversas estratexias de aplicación, segundo as necesidades do momento.

Os alumnos durante este período non poden elaborar teorías xerais e non relacionan tempo e velocidade ata os nove ou dez anos, e ata os doce, non sente a necesidade dun patrón de medida. Necesitará, pois, máis axuda do docente nesta etapa.

O perfeccionamento da técnica instrumental baséase na práctica sistemática e, tal como noutras asignaturas do grao, necesita: saber escoitar, saber ler, saber escribir e reflectirase en facer, sentir, recoñecer/entender.

Desenvolver os contidos en espiral ou círculos concéntricos fai que os elementos básicos estean sempre presentes desde o primeiro momento até o final. A partir de aí, afondaranse ata completar o desenvolvemento pleno desexable para finalizar o grao elemental e acceder ao profesional. A actividade terase en conta como parte do proceso de ensinanza/aprendizaxe, que non se limitará á manipulación e acción externa dos elementos materiais e recursos musicais, senón que consistirá nunha actividade que permita interiorizar experiencias propias e previas. As situación desexables serán, por tanto, de participación, comunicación, intercambio de ideas, improvisación e manipulación do obxecto sonoro e a música como elemento pedagóxico e estético.

### ***Interdisciplinabilidade***

Durante o grao elemental, tendo en conta as poucas materias que o integran, as relación interdisciplinares son bastante claras e sinxelas. O instrumento é o eixo sobre o cal se articulan as outras dúas asignaturas. O linguaxe musical é unha materia de tipo funcional, xa que permite avances tanto no instrumento como na educación vocal e auditiva. Non obstante, a relación entre os materiais vai máis alá do feito tan obvio que acabamos de citar: os seus contidos tamén se relacionan entre si.

Na seguinte táboa recóllense estas relacións:

### ***Relación coas ensinanzas de réxime xeral***

As ensinanzas de réxime xeral comprenden os niveis de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e formación profesional. A etapa coincidente co grao elemental é a educación primaria, que se estende dos seis aos doce anos e aparece estruturada en tres ciclos de dous anos cada un. A Educación Musical está incluída

dentro da Área de Educación Artística, que consta de catro bloques de contido (segundo o Decreto 130/2007), dos que os dous primeiros (Interpretación e creación musical e escoita) son relativos á Educación Musical. A linguaxe musical aparece como contido transversal a ambos bloques, do mesmo xeito que se reflicte a interpretación vocal, instrumental e corporal.

Máis alá da natureza puramente musical do instrumento, relaciónase con outros códigos e materias que son obxecto de estudo nestas idades, é o que se denomina interdisciplinabilidade. Están: a coordinación, a expresión corporal, relacionadas coa educación física; a expresión oral e escrita; a terminoloxía utilizada na música e a audición en diferentes idiomas, relacionados coa lingua estranxeira; e o estudo do ritmo, agónica, afinación e física do son, que se vinculan á matemática.

### ***Obxectivos xerais do Grao elemental***

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artístico e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo e no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa seguridade necesaria en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha audición activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### ***Obxectivos específicos***

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade de son.

c) Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corregir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

Conocer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

d) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e perfeccionamento continuo da calidade sonora.

e) Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comenzando a utilizar o vibrato e os matices para dar cor e expresión á interpretación musical.

f) Coñecer o proceso de montaxe e fabricación das lengüetas e poder rebaixalas para o seu correcto funcionamento.

g) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a cada nivel.

### ***Tempo e Espacio.***

#### ***Tempo***

Esta programación didáctica correspóndese coa planificación da materia de trompeta para todo o grao elemental e profesional. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación recollidos no presente texto repartiranse ao longo dos tres trimestres en quince unidades didácticas. As unidades están pensadas para desenvolverse en dúas sesións de unha hora cada unha. En todas debe traballarse algo de cada bloque de contidos e dos aspectos derivados de cada un deles.

#### ***Espacio***

A materia impartirase nunha aula do centro. A ratio é de un profesor por alumno; é dicir, que é unha materia individual (excepto nas clases colectivas). A aula dependerá das posibilidades do centro e a distribución do seu interior será con *piano, cadeiras de alumnos sen pala e un atril* no centro da aula para favorecer a comodidade, o momento e a expresión e o contacto visual entre o docente e o pianista (sempre que o haxa), a través da coordinación, a supervisión personalizada e o diálogo.

Contarase tamén cunha biblioteca de aula que incluírá libros e partituras necesarias para o desenvolvemento das clases, equipo de música e un estante para uso do alumnado.

Sempre que haxa clases colectivas favorecerase a comunicación, o intercambio de ideas e as agrupacións realizaranse seguindo os criterios que os docentes estimen oportuno e adecuado.

### ***Principios metodolóxicos***

a) **A actividade:** as cousas apréndense facéndoas; priman os contidos procedimentais.

b) **Unidade entre teoría e práctica:** relacionar as materias teórico-prácticas coas instrumentais.

c) **Creatividade:** o alumno deberá ser quen de aunar o analizado e sintetízalo nun acto creativo.

d) **Atención personalizada:** a alumno nun grupo é un membro activo e alcanza a súa máximo expresión neste clase individual de instrumento.

e) **Socialización:** interpretar en grupo supón un elevado nivel de interacción entre o alumnado e unha interdependencia para obter resultados aceptables. Do mesmo xeito deben respectarse as normas de conducta e as directrices do centro.

f) **Interdisciplinabilidade:** hai contidos compartidos no ciclo e no grao.

g) **Globalización:** tendo en conta os coñecementos previos, tanto da educación xeral, como da súa vida (experiencias propias) articularase de xeito máis adecuado a práctica educativa.

h) **Educación en valores:** fomentando un comportamento óptimo (contidos de natureza actitudinal).

i) **Entorno socio-cultural:** deben terse en conta os recursos que se podan ofrecer: agrupacións (bandas, coros, orquestras, etc.), bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, radio, televisión, etc. Do mesmo xeito, facilitarase os acceso a eles sempre que docente e discente o necesiten.

### **Métodos didácticos**

**Método de proxectos:** propón ao alumno situación complexas para resolvelas de xeito creativo, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas experiencias. O alumno parte da globalidade para desmenuzar.

**Aprendizaxe por descubrimento:** con este método o alumno extrae conclusións rexistrando información. Descúbrese o contido, posteriormente tantéase e, por último, interiorízase.

**Método científico:** baseado na práctica e no experimento, introducindo posteriores modificacións á hipótese inicial.

### **Modelo de aprendizaxe**

Emprégase o modelo baseado na **aprendizaxe significativa**, no que o alumno constrúe os conceptos e o seu propio proceso de aprendizaxe. Debido a que é unha materia totalmente práctica baseada nun hábito de traballo constate e diario, supón certa autonomía e autocorrección. Así, desde o punto de vista da intervención pedagóxica, o fundamental é ter presente que o alumno aprende practicando, facendo, vivindo, oíndo, observando e experimentando os aspectos técnicos e expresivos do instrumento (baixo a atenta e coidadosa supervisión do profesor). Por todo isto, é necesario propiciar situación que fomenten a motivación do alumnado, así como a activación constante de coñecementos previos e de relación interdisciplinares, mediante os que se farán vínculos e se irán asentando os novos contidos de cada curso. Falamos, por tanto, dunha

organización concéntrica dos contidos ao longo dos catro anos que se prolonga o grao elemental.

### ***Profesorado***

O papel do profesor é mediador e guía entre a aprendizaxe musical e o alumno. Debe presentar unha actitude positiva ante as dificultades das sesións ou posible desinterese do alumando transmitindo en todo momento un trato cercano, que axude a motivar e contribúa a ter un bo ambiente durante as sesións. É importante que tamén se dea exemplo dos valores que se desexen transmitir e que se amose claridade en todas as exposicións e exemplos de contidos e no desenvolvemento das actividades e procedementos propostos. É indispensable que as sesións sexan ordenadas, posúan unhas pautas de traballo e actuación e se optimice o tempo. Ademais, deberá fomentarse a creatividade e a variedade, dentro da orde das sesións.

### ***Atención á diversidade***

Tanto o centro, como a aula e a materia deberán ser flexibles e susceptibles de modificarse canto sexa necesario en pro da adaptación a un alumno, que por circunstancias, puidese necesitalo. Sempre que faga falta, o docente favorecerá agrupacións que resulten en grupos máis compensados para facilitar as aprendizaxes daquelas persoas que amosen maior grado de dificultade.

Se é necesario completar este punto, realizarase unha avaliación inicial e, partindo de este punto e do principio de integración grupal, recolleranse datos para efectuar as modificacións pertinentes. Ademais, deben ser plausibles e viables as modificacións, dado que a programación é aberta e flexible.

### ***A acción tutorial***

Como titor, o profesor de instrumento deberá manterse, en todo momento e sempre que sexa necesario, ao tanto da evolución do alumno nas outras asignaturas. Do mesmo xeito, deberá ser un fío comunicador entre os docentes e os pais, e manterá a todas as partes perfectamente informadas. Do mesmo xeito, a súa actitude deberá ser solícita, atenta e preocupada para que a aprendizaxe do neno se sexa integrada, holística e completa, relacionando todas as materias na súa importancia, funcionalidade e transcendencia.

### ***Do mesmo xeito destácanse:***

Adaptación ao centro e a súa dinámica no momento do acceso.

Prevención de dificultades de aprendizaxe (en contacto cos docentes e coa familia).

### ***Labores de tutoría:***

Participar no desenvolvemento do plan tutorial e as actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.

Coordinar o proceso de avaliación.

Organizar e presidir as sesións da avaliación dos seus alumnos.

Facilitar a integración do alumnado no centro, orientalos e asesoralos.

Coordinar as actividades complementarias.  
Recoller información do alumando e acollerlo.  
Sesións informativas coas familias.

Reunións sobre diversos temas: informativas, de solución de problemas, etc.

### **Competencias básicas**

**Competencia lingüística:** uso da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita e como medio para a expresión adecuada e en termos con propiedade. Ademais, a linguaxe é un elemento indispensable para a construción do coñecemento, organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta.

**Competencia matemática:** habilidade para comprender todos os termos de métrica e ritmo, agóxica e todos os aspectos relacionados con cantidades e dimensións da realidade.

**Competencia da interacción co mundo físico:** interactuación coa realidade e o coñecemento. Comprensión de contidos, predicións de consecuencias e mellora das condicións e gastos propios da clase (papel, material, electricidade, etc.).

**Competencia para o tratamento da información e competencia dixital:** dispoñer das habilidades para buscar, obter e procesar información transformala en coñecemento, tendo como elemento básico as TICs.

**Competencia social e cidadá:** coñecer, comprender a realidade que se vive, unha sociedade democrática e plural. Do mesmo xeito, saber traballar en grupo e escoitar aos demais, continuando coa súa propia función.

**Competencia cultural e artística:** coñecer, apreciar e valorar críticamente as diferentes manifestacións culturais e estilísticas artísticas coas que se traballe, como fonte de enriquecemento.

**Competencia para aprender a aprender:** habilidades para construír a súa propia aprendizaxe, de xeito autónomo, autocrítico e eficaz.

**Competencia para a autonomía e iniciativa persoal:** consciencia e aplicación da actitudes e valores persoais: responsabilidade, autonomía, autoestima, esforzo, creatividade, capacidade de decisión, control emocional, aprendizaxe positivo e correcta asunción dos erros, etc.

## **1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

### **Obxectivos**

O ensino da trompeta no 1º curso de grado elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Mostra-los fundamentos dunha posición corporal correcta tanto nunha posición erguida como sentada.
- Saber apreciar o esencial no dominio do propio corpo para o posterior desenvolvemento da técnica instrumental.
- Conseguir unha toma de aire (inspiración) relaxada e profunda .
- Adoptar unha posición da embocadura que permita unha correcta produción do son.



- Tomar conciencia da importancia na consecución dun son estable e centrado en case toda a extensión do instrumento.
- Coñece-las indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación que se atopan nos textos musicais propostos neste curso.
- Introducir ao alumno no emprego dos intervalos, articulaciones, ataques e ritmos.
- Iniciar ao alumno na corrección, seguindo os seus propios reflexos da afinación das notas e a calidade de son.
- Iniciar ao alumno na práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outros instrumentos e de adaptarse a un conxunto.
- Memorizar pequenos fragmentos musicais e as escalas programadas no curso.
- Coñecer as posicións da trompeta.
- Asimilar os coñecementos adquiridos

### **Contidos**

Práctica da relajación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciales. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. Estudos de emisión do son. Principios básicos da dicitación Práctica das distintas articulaciones. Estudo da afinación. Traballo da dinámica. Traballo dos diferentes intervalos. Estudo das diferentes escalas maiores e menores. Estudos da boquilla. Utilización de instrumentos afines, que por tamaño faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (cornetín ou corneta de pistones). Adestramento permanente e progresivo da memoria. Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces. Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno. Práctica de conxunto. Práctica das escalas do curso.

### **Obxectivos Mínimos**

- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do instrumentista.
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.
  - Escala de Do M en ámbito dunha oitava.
- Completa-a programación proposta para o curso.

### **Recursos: 1º de Grao Elemental.**

- **A trompeta (Vol 1)** \_\_\_\_\_ *Lluís Andrés i Faus / Vicent Alberola i Baviera (Ed. Rivera Editores)*
- **Escoitar, leer e tocar (Vol 1)** \_\_\_\_\_ *Ed. de Haske.*

### **Temporalización dos Contidos**

#### **Primeira Avaliación**

- A trompeta \_\_\_\_\_ da 1 a 3.
- Escoitar, leer e tocar \_\_\_\_\_ da 1 a 3.

#### **Segunda Avaliación**

- A trompeta \_\_\_\_\_ da 4 a 6.
- Escoitar, leer e tocar \_\_\_\_\_ da 4 a 6.
- Escala de Do M unha oitava.

#### **Terceira Avaliación**

- A trompeta \_\_\_\_\_ da 7 a 8.
- Escoitar, leer e tocar \_\_\_\_\_ da 7 a 9.
- Escala cromática en ámbito dunha oitava.

## **2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

### **Obxectivos**

O ensino da trompeta no 2º curso de grado elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Desenvolver os fundamentos dunha posición corporal correcta do instrumento e o instrumentista.
- Afianzar o proceso da inspiración e expulsión do aire.
- Iniciar ó alumno no control necesario dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de tódolos rexistros.
- Conseguir flexibilidade nos intervalos, articulacións, ataques e ritmos.
- Desenvolver a práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outros instrumentos e de adaptarse armónicamente a un conxunto.
- Desenvolver a capacidade de interpretar en público e coa necesaria seguridade en si mesmos, que lles permita vivir a música como medio de comunicación.
- Establecer a habilidade de lectura a primeira vista que lles permita participar nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
- Elaborar coa axuda do profesor un sistema de traballo individual aplicable ó estudio diario.
- Memorizar varios fragmentos musicais máis as escalas programadas no curso.
- Empregar as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación dos textos musicais propostos neste curso.
- Desenvolver as bases para acadar a capacidade de interpretar os estudos e obras do repertorio de memoria, co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.

- Diferenciar e empregar os diferentes tipos de articulacións básicas: legato, staccato e picado-ligado.

### **Contidos**

Práctica da relajación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. Estudos de emisión do son. Principios básicos da dixitación. Práctica das distintas articulacións. Estudo da afinación. Traballo da dinámica. Traballo dos diferentes intervalos. Estudo das diferentes escalas maiores e menores. Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas. Estudos da boquilla. Utilización de instrumentos afines, que por tamaño faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (cornetín ou corneta de pistones). Adestramento permanente e progresivo da memoria. Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces. Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis - motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva. Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno. Inicio do estudo da improvisación partindo da relación pregunta-resposta. Práctica de conxunto. Práctica das escalas do curso

### **Obxectivos Mínimos**

- Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, como base dá a técnica de estudo para a interpretación individual e de grupo, mediante o traballo programado para o curso.
- Completar a programación proposta para o curso.

### **Recursos 2º Curso G. Elemental**

- *A Trompeta (Vol. 2)* (Ed. Rivera Editores)
- *Escoitar, leer e tocar Vol. 1* (Ed. de Haske)

### **OBRAS CON ACOMPAÑAMENTO DE PIANO**

- *L. Picavais: Vers l'Avenir* (Ed. Billaudot)
- *W. Dorsselaer: Au Chateau de Chantilly* (Ed. Billaudot)
- *P. Bigot: Comptine* (Ed. Billaudot)
- *L. Picavais: Premier Suicees* (Ed. Billaudot)
- *P. Harris: Holiday Notes* (Ed. Boosey & Hawkes)

**Temporalización dos Contidos****Primeira Avaliación**

A trompeta (vol 2) \_\_\_\_\_ 1 a 3.

Escoitar, leer e tocar \_\_\_\_\_ da 10 a 13.

Escalas maiores ata unha alteración.

Unha obra.

**Segunda Avaliación**

•A trompeta (vol. 2) \_\_\_\_\_ da 4 a 6.

•Escoitar, leer e tocar \_\_\_\_\_ da 14 a 16.

•Escalas maiores ata 2 alteracións.

•Unha obra.

**Terceira Avaliación**

•A trompeta (vol. 2) \_\_\_\_\_ 7 e 8.

•Escoitar, leer e tocar \_\_\_\_\_ da 17 a 20.

•Escalas menores ata 2 alteracións

•Unha obra.

**3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL****Obxectivos:**

O ensino da trompeta no 3º curso de grado elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Desenvolver os fundamentos dunha posición corporal correcta do instrumento e o instrumentista.
- Afianzar o proceso da inspiración e expulsión do aire.
- Iniciar ó alumno no control necesario dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de todo-os rexistros.
- Conseguir flexibilidade nos intervalos, articulaciones, ataques e ritmos.
- Desenvolver a práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outros instrumentos e de adaptarse armónicamente a un conxunto.
- Desenvolver a capacidade de interpretar en público e coa necesaria seguridade en si mesmos, que lles permita vivir a música como medio de comunicación.
- Establecer a habilidade de lectura a primeira vista que lles permita participar nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.
- Elaborar coa axuda do profesor un sistema de traballo individual aplicable ó estudio diario.

- Memorizar varios fragmentos musicais mai-las escalas programadas no curso.
- Empregar as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación dos textos musicais propostos neste curso.
- Desenvolver as bases para acadar a capacidade de interpretar os estudos e obras do repertorio de memoria, co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.
- Diferenciar e empregar os diferentes tipos de articulacións básicas: legato, stacatto e picado-ligado.

### **Contidos**

Práctica da relajación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciales. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. Estudos de emisión do son. Principios básicos da dixitación. Práctica das distintas articulacións. Estudo da afinación. Traballo da dinámica. Traballo dos diferentes intervalos. Estudo das diferentes escalas maiores e menores. Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas. Estudos da boquilla. Utilización de instrumentos afines, que por tamaño faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (cornetín ou corneta de pistones). Adestramento permanente e progresivo da memoria. Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces. Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis - motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva. Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno. Inicio do estudo da improvisación partindo da relación pregunta-resposta. Práctica de conxunto. Práctica das escalas do curso

### **Obxectivos Mínimos**

- Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, como base dá a técnica de estudo para a interpretación individual e de grupo, mediante o traballo programado para o curso.
- Completar a programación proposta para o curso.

### **Recursos 3º Curso G.E**

- **A Trompeta Vol. 3** (Ed. Rivera Editores)
- **Escuchar, leer y tocar Vol. 2** (Ed. de haske)

### **OBRAS CON ACOMPAÑAMENTO DE PIANO**

- J. Kauffman: Badinage** (Ed. Billaudot)
- J.M. Defayé: Piece de Concours I** (Ed. Leduc)
- E. Baudrier: Andante et Allegro Commodo** (Ed. Billaudot)

**O. Bohme: Berceuse** (Ed. The Couty-Bettoney)

**M. Poot: Humoresque** ( Ed. Leduc)

### **Temporalización dos Contidos**

#### **Primeira Avaliación**

- La Trompeta (vol 3)\_\_\_\_\_1 a 3.
- Escuchar, leer y tocar \_\_\_\_\_da 1 a 8.
  - Escalas maiores ata dúas alteracións.
  - Unha obra.

#### **Segunda Avaliación**

- A trompeta (vol. 3) \_\_\_\_\_da 4 a 6.
- Escuchar, leer y tocar \_\_\_\_\_da 8 a 14.
  - Escalas maiores ata dúas alteracións.
  - Unha obra.

#### **Terceira avaliación**

- A trompeta (vol. 3) \_\_\_\_\_7 e 8.
- Escuchar, leer y tocar \_\_\_\_\_da 14 a 20.
  - Escalas menores ata dúas alteracións.
  - Unha obra.

### **4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

#### **Obxectivos**

O ensino da trompeta no 4º curso de grado elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Desenvolver os fundamentos dunha posición corporal correcta do instrumento e o instrumentista.
- Afianzar o proceso da inspiración e expulsión do aire.
- Iniciar ó alumno no control necesario dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de tódolos rexistros.
- Conseguir flexibilidade nos intervalos, articulacións, ataques e ritmos.
- Desenvolver a práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outros instrumentos e de adaptarse armónicamente a un conxunto.
- Desenvolver a capacidade de interpretar en público e coa necesaria seguridade en si mesmos, que lles permita vivir a música como medio de comunicación.
- Establecer a habilidade de lectura a primeira vista que lles permita participar nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.

- Elaborar coa axuda do profesor un sistema de traballo individual aplicable ó estudio diario.
- Memorizar varios fragmentos musicais mai-las escalas programadas no curso.
- Empregar as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación dos textos musicais propostos neste curso.
- Desenvolver as bases para acadar a capacidade de interpretar os estudos e obras do repertorio de memoria, co fin de adquirir unha maior concentración na interpretación.
- Diferenciar e empregar os diferentes tipos de articulacións básicas: legato, stacatto e picado-ligado.

### **Contidos**

Práctica da relajación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. Fortalecemento dos músculos faciais. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. Estudos de emisión do son. Principios básicos da dicitación. Práctica das distintas articulacións. Estudo da afinación. Traballo da dinámica. Traballo dos diferentes intervalos. Estudo das diferentes escalas maiores e menores. Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas. Estudos da boquilla. Utilización de instrumentos afines, que por tamaño faciliten a posterior aprendizaxe da trompeta (cornetín ou corneta de pistones). Adestramento permanente e progresivo da memoria. Adquisición de hábitos de estudos correctos e eficaces. Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis - motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva. Selección progresiva en canto ao grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno. Inicio do estudo da improvisación partindo da relación pregunta-resposta. Práctica de conxunto. Práctica das escalas do curso

### **Obxectivos Mínimos**

- Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, como base dá a técnica de estudo para a interpretación individual e de grupo, mediante o traballo programado para o curso.
- Preparación de cara o pase a Grao profesional.
- Completar a programación proposta para o curso.

### **Recursos 4º Curso G.E**

- *A Trompeta Vol. 4* \_\_\_\_\_ (Ed. Rivera Editores)
- *Escuchar, leer y tocar Vol. 3* \_\_\_\_\_ (Ed. de Haske)

OBRAS CON ACOMPAÑAMENTO DE PIANO

**F. Ferrán: Eolo, el Rey de los Vientos** (Ed: Rivera Editores)

**G. Friboulet: Gaminerie** (Ed. Leduc)

**E. Bozza: Lied** (Ed. Leduc)

**L. Picavais: Pièce de Concours** (Ed. Billaudot)

**J.S. Bach: Aria “Bist du bei mir”** (Ed. Belwin Mills)

**A. Street: Rondino** (Ed. Bossey & Hawkes)

### Temporalización dos Contidos

#### Primeira Avaliación

- A trompeta (vol. 4) \_\_\_\_\_ 1 a 3.
- Escuchar, leer y tocar \_\_\_\_\_ da 1 a 13.
  - Escalas maiores ata 3 alteracións.
  - Unha obra.

#### Segunda Avaliación

- A trompeta (vol. 4) \_\_\_\_\_ da 4 a 6.
- Escuchar, leer y tocar \_\_\_\_\_ da 14 a 16.
  - Escalas maiores ata 3 alteracións.
  - Unha obra.

#### Terceira Avaliación

- A trompeta (vol. 4) \_\_\_\_\_ 7 e 8.
- Escuchar, leer y tocar \_\_\_\_\_ da 17 a 20.
  - Escalas menores ata 3 alteracións.
  - Unha obra.

### **Criterios de Avaliación**

#### **Grao Elemental**

A. **LER TEXTOS** a primeira vista **CON FLUIDEZ E COMPRENSIÓN**. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.

B. **MEMORIZAR E INTERPRETAR TEXTOS MUSICAIS EMPREGANDO A MEDIDA, AFINACIÓN, ARTICULACIÓN E FRASEO ADECUADO** ao seu **CONTIDO**. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.



C. **INTERPRETAR OBRAS DE ACORDO COS CRITERIOS DO ESTILO CORRESPONDENTE.** Con isto preténdese comprobar a capacidade de alumno para empregar o “tempo”, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

D. **MOSTRAR NOS ESTUDOS E OBRAS A CAPACIDADE DE APRENDIZAXE PROGRESIVA INDIVIDUAL.** Este criterio pretende verificar que o alumno é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

E. **INTERPRETAR EN PÚBLICO COMO SOLISTA E DE MEMORIA OBRAS REPRESENTATIVAS DO seu NIVEL NO INSTRUMENTO, CON SEGURIDADE E CONTROL.** Aquí trátase de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol e o dominio da obra estudada. Así mesmo preténdese estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

F. **ACTUAR COMO MEMBRO DUN GRUPO E MANIFESTAR A CAPACIDADE DE TOCAR, AO MESMO TEMPO QUE ESCOITA E ADÁPTASE Ao RESTO DOS COMPAÑEIROS.** Este criterio presta atención á capacidade do alumno para adaptar a afinación, a precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros nun traballo común.

#### ***O alumno ao finalizar o G.E debe saber:***

- 1. RESPIRAR CORRECTAMENTE PARA PODER TOCAR A TROMPETA.**
- 2. TER UNHA EMBOCADURA BEN FORMADA (*máscara fisiológica*).**
- 3. SABER COLLER A TROMPETA CORRECTAMENTE E CON NATURALIDADE.**
- 4. DOMINAR O PICADO, LIGADO (*articulaciones simples*) e a DINÁMICA.**
- 5. BUSCAR UNHA BOA SONORIDAD E TESITURA ACEPTABLE.**

#### ***Criterios de Cualificación***

Á hora de cualificar, o alumno obterá un 5 se cumpre os mínimos de forma xusta. A partir de aí, a súa nota incrementará segundo o nivel e o rendemento que sexa capaz de ofrecer.

#### ***Minimos exigibles***

- Completar o programa de leccións proposta ao menos ata a segunda avaliación inclusive.
- Dominar todas as escalas programadas para o curso.
- Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompeta, e presentes en todos os cursos como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación e o rexistro.

#### ***Actividades de Recuperación***

Levaranse a cabo actividades de reforzo e recuperación como modo de paliar as carencias, cando haxa alumnos que non acadaron os contidos, o fixérono de forma xusta. Tamén se propoñerán actividades de ampliación para aqueles que superaron as actividades olgadamente.

### ***Reforzos para lograr a recuperación***

Estos reforzos faranse durante as tutorías destinadas os alumnos, ou en aqueles horarios que o profesor teña libre.

### ***Criterios de cualificación***

- A consecución dos contidos prácticos do curso avaliada dende 5 a 10.
  - A observación directa día a día da progresión do alumno.
- Pola súa banda, para as actitudes, usaremos:
- A observación, tendo en conta aspectos como a puntualidade, o interese e o comportamento.

### ***Criterios de promoción***

No grao elemental coa calificación negativa dunha asignatura promocionaría ó seguinte curso A calificación neste grao exprésase con indicación numérica, do 1 ó 10.

### ***Materiais e recursos didácticos***

Necesitaremos os seguintes elementos para afrontar este curso: Recursos de aula (mobiliario, atrís, lousa, metrónomo), instrumentos propios da familia instrumental, biblioteca, fonoteca, recursos audiovisuais, libros de estudo adecuados a cada curso e repertorio de cámara e solista.

### ***Metodoloxía e Repertorio***

A metodoloxía do ensino musical e en particular a dos instrumentos musicais require un tratamento especial segundo o tema que se aborde en cada momento, o perfil psicolóxico de cada alumno e as características específicas do grupo.

De todos os xeitos, podemos dar uns trazos xerais sobre a metodoloxía, que soamente nos poden servir de forma orientativa:

O ensino do instrumento é individualizada no seu maior parte, aínda que inclúe clases colectivas.

O estilo de ensino é recíproco, é dicir que o profesor dá coñecementos ao alumno, pero este tamén investiga e pregunta achega das súas inquietudes, sacando as súas propias conclusións.

A comunicación que se establece nas clases é oral (polas explicacións do profesor), Kinestésica ou propioceptiva (pola información que se transmite dos movementos corporais), táctil (en situacións de relaxación de ombreiros ou control da respiración diafragmática) e acústica (que se realiza no intercambio de sons entre alumno e profesor).

Os medios que podemos utilizar nas clases de tuba poden ser auditivos (discos, grabacións), escritos (partituras, textos), audiovisuais (videos, retroproyectors, fotografías) e materiais (tubos, pelotas, aparellos de respiración, etc...)

### **Actividades complementarias e extraescolares**

Audicións no 2º e 3º trimestre

### **Sistema Alternativo de Avaliación**

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua. Para a especialidade de Trompeta, o sistema alternativo consistirá na realización de probas instrumentales que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

*Contémplanse dous tipos de probas:*

- **TRIMESTRAL:** será aplicado cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do trimestre.
- **FIN DE CURSO:** será aplicado cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do curso.

No grao elemental en esta proba o alumno deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo a comisión a encargada de designar os contidos así como das pezas a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 15 minutos nin superior a 30 minutos de música.

FALTAS	Por Trimestre	Total Curso
XUSTIFICADAS	3	9

FALTAS	Por trimestre	Total Curso
SEN XUSTICAR	2	6

### **Exames de Setembro**

Para aqueles alumnos que non superen o curso no mes de Xuño, farase unha proba en Setembro, para a cal entrará o temario do curso entero. O alumno terá que interpretar un número de escalas e estudos determinados polo tribunal entre tódolos correspondentes ó curso, e deberá interpretar 2 obras nos cursos comprendidos entre 1º e 3º de Grao Elemental, e 3 obras de diferentes estilos para o resto de cursos, en ambas opcións con acompañamento de piano se o precisa. En devandita proba, o tempo de interpretación será entre 15 e 30 minutos para Grao Elemental, e entre 30 e 45 minutos para Grao Profesional.

**\*Notas á Programación:**

1. A programación proposta en canto a métodos e concertos será complementada cunha serie de exercicios de técnica que o profesor considere oportuno. Mediante estes exercicios complementarios preténdese reforzar a técnica base. Basicamente estarán compostos por exercicios de diferentes articulacions, estudos de rexistro grave e estudos de escalas.
2. Ademais, os concertos establecidos para cada curso non serán inamovibles, podendo ser substituídos por outros de nivel parello se o profesor estímao oportuno.
